

OS SERVIZOS MUNICIPAIS



Servizos Sociais

- Axudan as persoas dependentes (lévanlle comida á casa, axuda económica para facer reformas na casa).
- Axudan as persoas inmigrantes (buscar un fogar, entender o noso idioma).
- Axudan as persoas con poucos recursos (pagar comedor, pagar os libros de texto...).
- Axudan ás persoas con discapacidade.
- Están pendentes de que todos os nenos e nenas vaian ao cole



Educación, cultura e deporte

- Organizan campamentos
- Colaboran coas actividades extraescolares do cole
- Xestionan as bibliotecas do concello
 - Organizan festas
 - Ofrecen charlas

Seguridade cidadá e persoal



- Policía, garda civil, bombeiros, protección civil...
- Axudan aos cidadáns, encárganse de ordenar e controlar o tráfico, evitan as catástrofes e axudan a resolvelas.

Medio ambiente, obras e servizos



- Encárganse da limpeza das berirarrúas, dos parques...
- Encárganse da recollida de lixo, de que chege a auga aos fogares, da iluminación na rúa.
- Encárganse de manter os coles, as bibliotecas... en boas condicións.
- Transporte

Urbanismo



- Dan permisos para construír casas, parques, comercios.
- Dan permiso para abrir tendas...
- Ordenan as zonas de aparcamento.
- Dan as licencias dos garaxes.

Imaxinade as seguintes situacións. Que servizo do concello se encarga de cada situación?	
1. Queredes abrir unha tenda de roupa na rúa principal da vosa vila. A que servizo de concello acudiríades?	Urbanismo
2. Apagar e controlar un incendio. Quen se encargaría?	
3. Organizar a festa histórica de Arteixo	
4. Dar cartos ás persoas dependentes que precisen facer obras na súa casa para poder moverse.	
5. Controlar que todos os nenos/as vaian á escola	
6. Ampliar o horario da biblioteca do concello	
7. Regular o tráfico	
8. Organizar a festa do entroido na praza da vosa vila	
9. Recoller o lixo	
10. Poñer a iluminación de Nadal na rúa.	
11. Levarlle a comida a casa ás persoas maiores (dependentes).	
12. Acompañar aos nenos/as da escola no desfile da festa de entroido.	
13. Multar aos coches que están mal aparcados	
14. Limpar as rúas	
15. Construír un parque novo no concello	
16. Xestionar a biblioteca do concello	
17. Escachou unha ventá polo temporal na túa casa. Quen se encargaría?	
18. Organizar un campionato de baloncesto entre as vilas do concello	
19. Hai unha alcantarilla rota. Quen se encargaría?	
20. Xestionar a iluminación das rúas	
21. Chegou unha familia de África ao concello que non entende o noso idioma e necesita unha persoa que lles axude	
22. Coidar as persoas dependentes. Quen se encargaría?	
23. Aparece un contedor rota na rúa. Quen se encargaría?	